

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

- 3650** *Real decreto lei 5/2014, do 4 de abril, polo que se prevé unha oferta de emprego público extraordinaria e adicional para o impulso da loita contra a fraude fiscal e a aplicación das medidas previstas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.*

I

As funcións de fe pública, asesoramento legal preceptivo, control e fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, e a contabilidade, tesouraría e recadación son funcións públicas necesarias en todas as corporacións locais cuxa responsabilidade administrativa está reservada a funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional.

A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece unha nova regulación do réxime xurídico destes funcionarios, amplía as competencias da Administración do Estado sobre este colectivo e atribúe, entre outras, ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a aprobación da oferta de emprego público dos funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional.

Na actualidade existe un gran número de prazas vacantes correspondentes a esta escala de funcionarios, nas súas diferentes subescalas e categorías. En concreto, arredor do 35 % das prazas reservadas á dita escala está sen cubrir, incluíndo dentro da dita porcentaxe 1.740 de vacantes puras, dun total de 9.030 postos reservados a este colectivo nas corporacións locais.

Precisamente, nas subescalas intervención-tesouraría e secretaria-intervención é onde se dá o maior número de vacantes, circunstancia especialmente preocupante xa que, tras a aprobación da citada Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, e as demais leis que se adoptaron en materia orzamentaria, económica e financeira, se trata das subescalas que teñen atribuídas as funcións de control, de fiscalización interna da xestión económico-financeira e orzamentaria, e de contabilidade, tesouraría e recadación nas entidades locais, funcións cada día de maior importancia na loita contra a fraude, o control do déficit público e a consecución da estabilidade orzamentaria, como así o constata a asignación de novas funcións a estes funcionarios. As ditas exigencias de control requiren unha capacidade de resposta adecuada por parte das entidades locais.

Considérase necesario, por tanto, que a oferta na escala de funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional se amplíe á marxe da taxa de reposición, xa que as prazas vacantes reservadas a esta escala non se poden suprimir nin amortizar ao teren carácter estrutural nas corporacións locais, e encóntranse dotadas orzamentariamente, estean ou non cubertas por funcionarios do citado colectivo.

Coa aplicación estrita dos criterios de carácter básico establecidos para o cálculo da taxa de reposición na Lei de orzamentos xerais do Estado para 2014, obtense unha cifra notoriamente insuficiente se se queren cumprir adecuadamente os obxectivos previstos na vixente normativa, fundamentalmente os de carácter económico, orzamentario e financeiro.

Por isto, propónse, con carácter adicional e complementario á oferta calculada de acordo coa taxa de reposición, a aprobación dunha oferta de 210 prazas máis, incluídas dentro da categoría de vacantes puras. Considérase que esta cifra constitúe unha estimación razoable e adecuada para proporcionar ferramentas eficaces aos municipios actualmente desasistidos. Xunto a estas prazas de quenda libre tamén se previu a oferta de prazas de promoción interna que reforcen a actuación das entidades locais.

A extraordinaria e urxente necesidade de acometer esta medida a través dun instrumento normativo como é o real decreto lei deriva da recente aprobación da Lei 27/2013, do 27 de decembro de 2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, cuxo impacto, en termos de oferta pública de emprego, non puido ser adecuadamente avaliado no momento da elaboración e aprobación da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014, sendo inaprazable, porén, dar cumprimento ás previsións e obrigacións contidas na citada Lei 27/2013, do 27 de decembro, que require dos efectivos necesarios para atender os requirimentos de ordenación e racionalización derivados dela.

## II

A Administración tributaria contribúe activamente a garantir a solvencia do Estado no cumprimento das súas obrigacións. Hai que pensar tanto nas actuacións de fomento do cumprimento voluntario das obrigacións tributarias e alfandegueiras como nas actuacións de control e de prevención e loita contra a fraude fiscal, de modo que isto permita que o Estado conte cos ingresos precisos. Só se se incide nunha maior recadación dos ingresos tributarios con que se nutren as políticas xeradoras de gastos serán estas factibles; por isto, cómpre adoptar as medidas adecuadas para, a través dun instrumento normativo como é o real decreto lei, facilitar que a Axencia Estatal de Administración Tributaria se dote dos recursos humanos que lle permitan acometer os seus obxectivos.

No contexto actual é indispensable manter a capacidade operativa da Axencia Tributaria. A grave diminución do persoal adscrito a este organismo nos últimos anos e a necesidade de proporcionar recursos para a loita contra a fraude fiscal, co fin incrementar os ingresos públicos e reducir o déficit, xustifican nestes momentos a necesidade de dar un tratamento excepcional e diferenciado á Axencia Tributaria polo que se refire á oferta de emprego público. Non esquezamos que a AEAT colabora activamente no cumprimento do principio de equilibrio orzamentario e sustentabilidade financeira recollido no actual artigo 135 da Constitución española.

AAEAT pretende, mediante plans especiais de intensificación de actuacións, aumentar o resultado dos ingresos, obxectivo de difícil ou imposible cumprimento sen aprobar as medidas necesarias en materia de recursos humanos, máxime tendo en conta a grave evolución negativa do cadro de persoal sufrida nos últimos tempos a que se fixo referencia e, porén, o paralelo e importante crecemento no número e calidade das actuacións que lle son requiridas.

Tendo en conta todo o exposto, encóntrase xustificada a tramitación, por razóns de urxente e inaprazable necesidade, dun real decreto lei que permita elevar a taxa de reposición prevista na Lei de orzamentos xerais do Estado para 2014 por encima do 10%, medida que é preciso aprobar de modo adicional e complementario ás previsións contidas no real decreto da oferta de emprego público para 2014.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de abril de 2014,

## DISPONGO:

*Artigo 1. Oferta complementaria na escala de funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional.*

No ano 2014 autorízase, adicionalmente á taxa de reposición prevista no artigo 21 da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014, a convocatoria de até 210 prazas na escala de funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, co fin de dar cumprimento ás previsións establecidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.

Nas convocatorias que se realicen para as prazas que agora se autorizan especificaranse as subescalas que correspondan das previstas no artigo 92 bis da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

*Artigo 2. Oferta complementaria en corpos adscritos á Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

No ano 2014 autorízase, adicionalmente á taxa de reposición prevista no artigo 21 da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014, a convocatoria de 166 prazas, 12 no corpo superior de inspectores de Facenda do Estado, 150 no corpo técnico de Facenda e 4 no corpo xeral administrativo da Administración do Estado, especialidade de axentes da Facenda pública, mediante o sistema de incorporación de novo persoal para desempeñar as súas funcións na Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 4 de abril de 2014.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY